



Bases do xogo “ENTROIDO EN IGUALDADE”

PRIMEIRA: OBJECTIVOS DA ACTIVIDADE.

O Concello de Lousame convoca esta actividade con motivo da celebración do Entroido e da conmemoración do Día Internacional da Muller, financiada con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a violencia de xénero.

É unha actividade de xogo dirixida a sensibilizar sobre a igualdade entre homes e mulleres, dun xeito lúdico, conxugando o tempo de lecer do Entroido coa actividade física e co coñecemento do patrimonio natural e cultural do concello.

SEGUNDA: DESCRICIÓN DO XOGO.

O xogo consiste na **busca das palabras-chave para acadar a igualdade**, que estarán repartidas por 7 puntos de interese do concello.

Quen participe debe ir **disfrazado/a** e sacarse unha foto con cada palabra-chave.

As persoas que envíen as fotos entrarán nun sorteo de premios consistentes en vales de compra de material deportivo, repartidos en 4 categorías, de menor a maior importe segundo se envíen 1, 3, 5 ou 7 fotos nos lugares indicados.

Haberá un cartel cunha palabra-chave en cada parroquia:

Tállara; nos muíños de Carantoña.

Lesende; no pozo do Capitán.

San Xusto; na ponte de madeira de Toxosoutos, fronte ao albergue.

Vilacova; na vagoneta das Minas de San Finx.

Fruíme; no busto de Diego A. Cernadas de Castro, no adro da igrexa.

Camboño; na capela da Gorgosa.

Lousame; nos muíños de Brandia.

TERCEIRA: REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E PRAZO.

A actividade está aberta a toda a poboación. O prazo para enviar as fotos remata o 7 de marzo.

As fotos poden ser individuais ou de grupo, pero como mínimo 1 das persoas debe estar disfrazada.

Para entrar no sorteo dos premios a persoa que presente as fotos ten que ser maior de idade, este requisito verificaríase no caso de resultar agraciada no sorteo.

Cada persoa participante entrará no sorteo 1 soa vez, na categoría correspondente segundo enviase 1, 3, 5 ou 7 fotos cas palabras-chave.

Deben enviar as fotos ao correo electrónico igualdadelousame@gmail.com xunto co seu NOME, APELIDOS E TELÉFONO DE CONTACTO.

Se nas fotos saísen menores, enténdese que a persoa que as achega é proxenitor/titor/a ou conta con autorización destes para envialas.

Pódense enviar as fotos a medida que se van sacando, ou ao final todas xuntas.

O Concello reservase o dereito de ir compartindo as fotos recibidas nas redes sociais do concello, co obxectivo de promover a participación.

CUARTA: SORTEO DE PREMIOS.

Na semana do 8 de marzo publicarase nas redes sociais do concello o listado de participantes que reúnen os requisitos para entrar no sorteo dos premios.

As persoas participantes disporán dun prazo de 24 horas para comunicar calquera incidencia, antes de procederse ao sorteo.

Cada persoa participante entrará no sorteo 1 soa vez, na categoría correspondente segundo enviase 1, 3, 5 ou 7 fotos coas palabras-chave.

Sortearanse vales de compra de material deportivo cos seguintes importes;

- 3 VALES de 200€ a sortear entre tódalas persoas que enviasen fotos das 7 palabras-chave.***
- 3 VALES de 150€ a sortear entre tódalas persoas que enviasen fotos de 5 palabras-chave.***
- 3 VALES de 100€ a sortear entre tódalas persoas que enviasen fotos de 3 palabras-chave.***
- 10 VALES de 50€ a sortear entre tódalas persoas que enviasen foto de 1 palabra-chave.***

QUINTA: ACEPTACIÓN DAS BASES, PERMISOS E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARACTER PERSOAL.

A participación na actividade implica a aceptación de todas e cada unha das bases descritas.

O Concello de Lousame non se fará responsable do cumprimento por parte das persoas participantes da restricións sanitarias vixentes con motivo da Covid-19.

O Concello de Lousame queda facultado para resolver calquera continxencia non prevista nestas bases.

As persoas participantes cederán ao Concello de Lousame os dereitos de uso das fotografías presentadas, tanto a nivel de redes sociais como de exposición pública e medios de comunicación.

O Concello de Lousame garante o correcto tratamento dos datos de carácter persoal de acordo coa normativa vixente.

Lousame, 9 de febreiro de 2020.